

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL EN FUNCIÓNS DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día seis de xuño de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal en funcións.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas, concelleiros non adscritos.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 6 de xuño de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_2019060061101390000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Persoamento e solicitude á Excma. Deputación provincial de A Coruña para que a súa Asesoría Xurídica se faga cargo da defensa xudicial no recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario núm. 85/2019 interposto por EDAR BENS SA

Acceso á videoacta – 00:00:30 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 24 de maio de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Con data do día 9 de maio de 2019, co núm. 0/3025, recibíuse neste Concello o escrito procedente do Xulgado do contencioso administrativo núm. 3 da Coruña, no que se comunica a interposición de recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario núm. 85/2019 (NIG 15030 45 3 2019 0000314) fronte ao acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2018 relativo á aprobación do abono dos servizos de depuración da Edar de Bens:

“Conforme a lo acordado en resolución de esta fecha dictada en el recurso contencioso-administrativo con los datos al margen, interpuesto por EDAR BENS SA contra resolución de esa administración de fecha 27 de diciembre de 2018, dictada en expediente 2.- Secretaría xeral /sobre abono dos servizos de depuración da EDAR BENS, y en cumplimiento de lo dispuesto en los arts. 48 de la LJCA, siendo necesarios el/los expedientes/ que motivaron la /las resolución/ ones impugnada/s, solicito a V.I.:

- Ordene la remisión a este órgano judicial de aquel/aquellos a que se refiere el acto impugnado, en el plazo improrrogable de veinte días, o bien copia autenticada del mismo, debidamente foliado, y en su caso, con los documentos e índices correspondientes, interesándole, de conformidad con lo dispuesto en el art. 49 de la LJCA, que la resolución administrativa que se dicte a tal fin se notifiquen en los cinco días siguientes a su adopción, asuntos aparezcan como interesados en dicho expediente, emplazándoles para que puedan personarse como

demandados ante este órgano judicial en el plazo de nueve días. La notificación se practicará con arreglo a lo dispuesto en la Ley que regule el procedimiento administrativo común. (...)”

Considerando o disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP nº 245 do 25 de outubro de 1988.

Visto que o artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que confire ao Pleno a competencia para o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias da súa competencia.

É polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Persoarse como parte demandada no recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario núm. 85/2019 perante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 da Coruña, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación a calquera dos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP nº 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo: Facultar ao señor alcalde para levar a cabo cantos actos sexan necesarios en orde á execución do presente acordo.

Terceiro: Comunicar a presente designación ao letrado mencionado e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 3 de xuño de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal en funcións, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. Toma de coñecemento do informe da Tesourería municipal sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019

Acceso á videoacta – 00:07:25 horas

Vista a proposta do alcalde en funcións do día 30 de maio de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Visto que a tesoureira municipal elaborou o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

- Informe de Tesourería de 30 de maio de 2019, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019.

Habéndose dado coñecemento de tales datos ao Ministerio de Facenda, tal como establece o artigo 4.4 da Lei, en aras de favorecer a comprensión de tal información e da transparencia, **PROPOÑO:**

Primeiro: Dar coñecemento á Comisión de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación dos Informes de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2019.

Segundo: Informar ao Pleno da Corporación.»

Visto que con data 3 de xuño de 2019 a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación tomou coñecemento do informe de referencia.

Os vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación toman coñecemento do contido do informe, tal e como se transcribe a continuación:

Único: Informe de Tesourería, de data 30 de maio de 2019, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019:

“De conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emítase o seguinte informe sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei para o pago das obrigacións deste concello, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019:

Primeiro: Existían 1488 facturas pendentes de pago ao final do trimestre por un importe total de 1.801.194,34 euros, das que 712 (968.759,44 €) estaban dentro do período legal de pago e 776 (832.434,90 €) estaban fóra.

Segundo: Ao longo do trimestre fixéronse 750 pagos por un importe de 1.580.979,19 euros, dos cales 185 (861.334,85 €) realizáronse dentro do período legal de pago e 565 (719.644,34 €) fóra deste.

Terceiro: Non se aboaron xuros de demora no trimestre natural.

O período medio de pago a provedores (PMP) a que se refire o Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o R.D. 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, corresponde ao primeiro trimestre do ano 2019 é de 80,08 días. Está fóra do período legal establecido na Lei 3/2004 e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que constan no rexistro contable de facturas. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas con outras administracións públicas, as propostas de pagos que foron obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.”

3. Proposta de aprobación do proxecto “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio supervisado por AGADER”

Acceso á videoacta – 00:09:27 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 23 de maio de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2019, acordou, entre outros asuntos, aprobar o proxecto denominado “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio”, cun orzamento total de 49.752,45€, e redactado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño, e para o que se solicitou unha achega ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

Con data 22 de abril de 2019 recibíuse con número de rexistro de entrada 0/2455 requirimento presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), para emendar o proxecto nos seguintes aspectos:

- Tal e como se establece no apartado 3.a.3º do artigo 4 das bases reguladoras, o proxecto debe conter informe fotográfico descritivo da situación actual dos camiños onde se pretende actuar.
- Tal e como se establece no apartado 3.a.6º do artigo 4 das bases reguladoras, o proxecto debe conter planos de localización e detalle necesarios, indicando o trazado exacto das actuacións, a súa lonxitude e largura e os puntos de inicio e final debidamente xeorreferenciados.

Polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, procedeuse á emendar os defectos atopados no proxecto, asinando un novo documento con data 29 de abril de 2019, polo que cómpre aprobalo novamente polo Pleno municipal.

Por todo elo, e en virtude do establecido no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio”, cun orzamento total de 49.752,45€, asinado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño con data 29 de abril de 2019, unha vez supervisado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Segundo: Notifíquese aos interesados.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 3 de xuño de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad). E abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal en funcións, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4. Ratificación das Resolucións de Alcaldía núm. 934/2019 e núm. 938/2019, de data 15 de maio

Acceso á videoacta – 00:11:40 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 23 de maio de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Con data 15 de maio de 2019, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm.934, que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre ten previsto asinar un convenio coa Excma. Deputación Provincial da Coruña para a execución do proxecto denominado “Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira”, cuxo importe total ascende a 50.106,60 €.

Previamente á sinatura do convenio, polos Servizos Técnicos Provinciais procedeuse a supervisar o proxecto detectando varios aspectos que debían ser subsanados, requirindo ao Concello con data 6 de maio de 2019, que emende os defectos atopados para que sexa emitido informe favorable polos Servizos Técnicos Municipais e se proceda, por parte do Concello de Cambre, a súa aprobación polo órgano competente.

Considerando que dito proxecto foi aprobado polo Pleno Municipal na súa sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018.

Tendo en conta que pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, procedeuse a subsanar os defectos atopados, asinando o proxecto supervisado con data 15 de maio de 2019, e que se trata de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, tal e como se establece no informe emitido pola propia técnica municipal de data 15 de maio de 2019.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira”, por importe de 50.106,60 €, asinado con data 15 de maio de 2019 por dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, unha vez supervisado polos Servizos Técnicos Provinciais.

Segundo: Dar conta ao Pleno Municipal na seguinte sesión que se celebre aos efectos da súa ratificación.”

Así mesmo, con data 15 de maio de 2019, ditouse a Resolución de Alcaldía núm. 938 que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre ten previsto asinar un convenio coa Excma. Deputación Provincial da Coruña para a execución do proxecto denominado “básico e de execución modificado de remodelación da praza Europa en Cambre. (Fase 1)” cuxo importe total ascende a 37.872,50 €.

Previamente á sinatura do convenio, polos Servizos Técnicos Provinciais procedeuse a supervisar o proxecto detectando varios aspectos que debían ser subsanados, requirindo ao Concello con data 8 de abril de 2019, que emende os defectos atopados para que sexa emitido informe favorable polos Servizos Técnicos Municipais e se proceda, por parte do Concello de Cambre, a súa aprobación polo órgano competente.

Considerando que dito proxecto foi aprobado polo Pleno Municipal na súa sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018.

Tendo en conta que por MUÑIZ MAS ALFAYA SLP, procedeuse a subsanar os defectos atopados, asinando o proxecto supervisado con data 16 de abril de 2019, e que se trata de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, tal e como se establece no informe emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data 7 de maio de 2019,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “básico e de execución modificado de remodelación da praza Europa en Cambre. (Fase 1)”, por importe de 37.872,50 €, asinado con data 16 de abril de 2019 por MUÑIZ MAS ALFAYA SLP, unha vez supervisado polos Servizos Técnicos Provinciais.

Segundo: Dar conta ao Pleno Municipal na seguinte sesión que se celebre aos efectos da súa ratificación”.

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 934/2019, de data 15 de maio, pola que se aproba o proxecto denominado "Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira", por importe de 50.106,60 €, asinado con data 15 de maio de 2019 por dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, unha vez supervisado polos Servizos Técnicos Provinciais.

Segundo: Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 938/2019, de data 15 de maio, pola que se aproba o proxecto denominado "básico e de execución modificado de remodelación da praza Europa en Cambre. (Fase 1)", por importe de 37.872,50 €, asinado con data 16 de abril de 2019 por MUÑIZ MAS ALFAYA SLP, unha vez supervisado polos Servizos Técnicos Provinciais.

Terceiro: Dar traslado á Excm. Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 3 de xuño de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol catro concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad). E abstéñense a concelleira de UxC (dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal en funcións, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5. Informes do equipo de goberno: Toma de coñecemento da Resolución de Alcaldía núm. 928/2019, do 14 de maio; da Resolución de Alcaldía núm. 958/2019, do 16 de maio; da Resolución de Alcaldía núm. 980/2019, do 22 de maio; e da Resolución de Alcaldía núm. 999/2019, do 23 de maio

Acceso á videoacta – 00:20:51 horas

Segundo consta no expediente desta sesión, o día 3 de xuño de 2019, día da convocatoria, foilles remitida aos vinte e un concelleiros que integran a Corporación, copia das resolucións que de seguido se relacionan:

- Resolución da Alcaldía núm. 928/2019, do 14 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto, desde o día 13 ao 29 de maio de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1841/2016, do 18 de novembro.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Resolución da Alcaldía núm. 958/2019, do 16 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"Primeiro: Aprobar a proposta para a contratación da actuación artística incluída na programación da Rede Cultural 2019 e solicitada á Deputación Provincial da Coruña (Actuación musical de Susana Seivane), por un importe de de 7.600 € sen IVE, 9.196 € IVE incluído.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 334 22609.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000169, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar a contratación da “Actuación musical de Susana Seivane” incluída na programación da Rede Cultural 2019 e solicitada á Deputación Provincial da Coruña, ao licitador “Mare Coordinación Producción, S.L.” con CIF B15746548 e domicilio en rúa da Paz 12 – 15189 Culleredo (A Coruña), no prezo 7.600 € sen IVE, 9.196 € IVE incluído, ao se tratar da entidade representante en exclusiva da artista solicitada.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á dinamizadora cultural, dona M^a Pilar Paz Delgado, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á dinamizadora cultural, dona M^a Pilar Paz Delgado, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento Orgánico Municipal respecto das formalidades para a modificación posterior das delegacións, se dea conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que teña, así como ao Pleno Municipal e se publique no Boletín Oficial da Provincia.”

- Resolución da Alcaldía núm. 980/2019, do 22 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 22 ao 24 de maio de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Resolución da Alcaldía núm. 999/2019, do 23 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Aprobar as seguintes actuacións administrativas automatizadas do Concello de Cambre:

- De carácter xeral: Todas as actuacións e procedementos que se vaian incorporando, con carácter automatizado, á Plataforma de Tramitación Electrónica do Concello de Cambre ou á súa sede electrónica (<https://sede.cambre.es>)
- De carácter específico:
 - Expedición de certificados e volantes de empadramento
 - Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico da Administración



Segundo: Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas, en exercicio da función de fe pública administrativa, son os seguintes:

- Para a definición das especificacións o detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría da Corporación.
- Para o deseño informático, programación e mantemento e auditoría do sistema de información e do código fonte: A Xerencia de Informática da Deputación da Coruña
- Para a supervisión e control de calidade: Secretaría da Corporación

Terceiro: Crease o selo electrónico de órgano do Concello de Cambre coa seguinte denominación: SELO DE ÓRGANO DO CONCELLO DE CAMBRE.

A responsabilidade da utilización para os efectos de impugnación corresponde ao Concello de Cambre.

As características do certificado e a verificación de documentos asinados con selo de órgano poderase realizar na sede electrónica do Concello de Cambre (<https://sede.cambre.es>).

O selo electrónico de órgano do Concello de Cambre poderase utilizar nos procesos de tramitación automatizada sinalados anteriormente.

O órgano responsable para os efectos de impugnación é a Alcaldía do Concello de Cambre.

Cuarto: A tramitación automática dos procedementos realizarase do seguinte xeito:

1. Os interesados poderán iniciar a tramitación automática dos procedementos indicados no Rexistro telemático do Concello de Cambre (<https://sede.cambre.es>).
2. Os interesados poderanse identificar e autenticar mediante documento nacional de identidade ou documento equivalente.
3. A tramitación electrónica automatizada contempla a captura automática de información contida nas bases de datos corporativas do concello.
4. As aplicacións informáticas coas que se realizará a tramitación electrónica automatizada á que se refire esta resolución son, ademais de todas aquelas cuxa norma de creación así o prevea, as seguintes: XESTIÓN DE PROCEDIMENTOS (TEDeC/SIGM).
5. Ostentarán permisos de selado electrónico unicamente os empregados públicos que sexan acreditados pola Secretaría da Corporación.
6. O concello emitirá resolución automatizada que recollerá expresamente, ademais do contido establecido con carácter xeral na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, o seguinte:
 - a) A súa condición de acto administrativo automatizado.
 - b) O selo electrónico da entidade.
 - c) O órgano que ha de considerarse responsable para os efectos de impugnación, de acordo co indicando no apartado terceiro.
7. O código electrónico de verificación permitirá verificar a autenticidade dos documentos xerados electrónica e automaticamente nos procedementos automatizados.
8. Os expedientes administrativos e documentos xerados polas citadas aplicacións almacénanse nos sistemas de información municipais. As ditas aplicacións informáticas garantirán o control dos prazos, a identificación dos órganos responsables dos procedementos, así como a tramitación ordenada dos expedientes administrativos.

9. As indicadas resolucións serán recorridas ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo, logo da reclamación potestativa ante a Alcaldía, na forma establecida na Lei de procedemento administrativo.

10. Os expedientes de tramitación automática arquivaranse no xestor documental TEdC/SIGM, asinado mediante selo electrónico do concello.

11. As copias dos documentos electrónicos terán a consideración que se establece no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Quinto: Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos do concello, e dar conta ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar.

Sexto: Esta resolución producirá efectos dende a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña. Igualmente publicarase na sede electrónica do Concello de Cambre para os efectos de xeral coñecemento de acordo co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015.”

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e vinte e dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia